

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

CORRECCIÓN de erros. Resolución do 11 de febreiro de 2013, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regula o procedemento para a elaboración de listas de formadores colaboradores para impartiren seminarios fóra de Galicia e se abre o prazo para a inscrición de candidatos.

Advertidos erros na dita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 37, do 21 de febreiro de 2013, cómpre facer as seguintes correccións:

– Na páxina 5073, no artigo 6, o punto 1 pasa a ser o punto 2, e onde di: «As solicitudes presentaranse, xunto co resto da documentación...», debe dicir: «Igualmente, as solicitudes poderán presentarse, xunto co resto da documentación...».

– Na mesma páxina, no artigo 6, o punto 2 pasa a ser o punto 1 e queda redactado do seguinte xeito:

«1. De acordo co establecido no Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes e a Orde do 15 de setembro de 2011, as persoas interesadas poderán presentar electronicamente as solicitudes na sede electrónica da Xunta de Galicia, no enderezo electrónico: <https://sede.xunta.es>

A documentación complementaria poderá presentarse electronicamente, utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante, carecendo do carácter de copia auténtica. A Administración, en calquera momento da tramitación do procedemento, poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e do artigo 22.3 do citado Decreto 198/2010. A achega de tales copias implica a autorización á Administración para que acceda e trate a información persoal contida nos correspondentes documentos».

– Na páxina 5079, hai que substituír o anexo publicado polo seguinte:





XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Emigración

PROCEDEMENTO		CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
LISTAS FORMADORES COLABORADORES PARA ACTIVIDADES FORMATIVAS		PR933A	SOLICITUDE
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
DATA DE NACEMENTO	LUGAR DE NACEMENTO	NACIONALIDADE	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN			
ENDEREZO		LOCALIDADE	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
TELÉFONO	MÓBIL	ENDEREZO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
ACTIVIDADES FORMATIVAS EN QUE DESEXA COLABORAR			
<input type="checkbox"/> Artesanía e folclore tradicional galego:			
<input type="checkbox"/> Baile galego	<input type="checkbox"/> Percusión	<input type="checkbox"/> Canto	<input type="checkbox"/> Encaixe de bolillos
<input type="checkbox"/> Gaita	<input type="checkbox"/> Pandeireta	<input type="checkbox"/> Confección de traxes tradicionais	
<input type="checkbox"/> Outros instrumentos e actividades artesanais			
<input type="checkbox"/> Cociña galega			
DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (ORIXINAL OU COPIA COMPULSADA)			
<input type="checkbox"/> Currículum vitae.			
<input type="checkbox"/> Titulación oficiais relacionadas coa especialidade en que solicitan inscribirse.			
<input type="checkbox"/> Certificados de cursos ou xornadas que acrediten a súa capacitación profesional.			
<input type="checkbox"/> Certificado de colaboración como docente con entidades públicas ou privadas.			
<input type="checkbox"/> Experiencia profesional.			
<input type="checkbox"/> Experiencia docente.			
<input type="checkbox"/> Outros méritos.			
ÁREAS XEOGRÁFICAS EN QUE DESEXA INSCRIBIRSE			
<input type="checkbox"/> España	<input type="checkbox"/> Europa	<input type="checkbox"/> América	
DISPONIBILIDADE PARA IMPARTIR OS CURSOS. DATAS DISPOÑIBLES (meses ou quincenas):			
<input type="text"/>			
<p>En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.</p>			
LEXISLACIÓN APLICABLE			
Resolución do 11 de febreiro de 2013, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regula o procedemento para a elaboración de listas de formadores colaboradores para impartiren seminarios fóra de Galicia e se abre o prazo para a inscrición de candidatos.			
SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE			
Lugar e data			
<input type="text"/>	,	<input type="text"/>	de <input type="text"/>
		de <input type="text"/>	<input type="text"/>

Secretaría Xeral da Emigración

CVE-DOG: gqaj2xt1-k9l3-m1j9-qas3-kqqlfzqpl59

